

## RESOLUCIÓN

Cese de D. Armando Ojea Bouzo como vicepresidente segundo da Deputación Provincial de Ourense.

Con data 11 de xullo de 2020 e mediante resolución desta Presidencia núm. 2019/4006, designouse a don Armando Ojea Bouzo como vicepresidente 2º desta Deputación Provincial, en réxime de dedicación exclusiva.

Debido á perda de confianza da Presidencia no referido Deputado Provincial, procede tramitar a súa saída do goberno provincial.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

**Declarar o cese de don Armando Ojea Bouzo como vicepresidente 2º da Deputación Provincial de Ourense**, agradecéndolle os servizos prestado.

A presente resolución terá efectos a partir do día seguinte a esta resolución, sen prexuízo da notificación ao interesado e da preceptiva dación de conta ao Pleno e publicación desta resolución no BOP.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.